



PROPOSTA DE ACTIVIDADES PARA O DÍA 27 DE MARZO DO 2020

HORARIO	ACTIVIDADE
09:00	Aséome e preparo o meu almorzo
10:00	Manualidade: Creo un xoguete PRISMÁTICOS
11:00	Aséome e preparo a miña merenda
12:00	Xogo libre/xogo só
13:00	Matemáticas divertidas: MONSTROS DIVERTIDOS
14:00	Aséome, axudo a preparar a comida e a pór a mesa

AS ACTIVIDADES PROPOSTAS SON FLEXIBLES E VOLUNTARIAS

PRISMÁTICOS



Para facer estes divertidos prismáticos necesitamos:

- 2 rolos de papel hixiénico
- Cinta aillante
- Corda ou lazo
- Papel celofán de cores

ELABORACIÓN

- Poñemos os dous rolos en paralelo, unímolos con cinta aislante, personalizándoos ao gusto de cada peque.
- Nos extremos facemos un pequeno burato polo que meteremos una corda ou lazo que anudaremos.
- Nos outros extremos pegaremos dúas circunferencias de papel celofán de cor rosa, vermello, azul, verde...
- Logo colgarémolos no pescozo e miraremos pola ventá para explorar o que nos rodea. Imos ver o mundo de cores!!!


Máis tarde faremos un debuxo do que vimos pola ventá a través dos prismáticos.

O alumnado de educación primaria pode recubrir os rolos con papel charol da cor que máis lle guste ou con fieltro.

A PASALO BEN !!!!!



MONSTROS DIVERTIDOS



Con esta actividade conseguiremos **uns monstros divertidísimos** xogando cos **números**.

Necesitaremos para esta actividade o seguinte **MATERIAL**:

- Un folio ou cartolina.
- Ceras de cores, rotuladores , témperas ou calqueira material para pintar.
- Un dado (no caso dos nenos e nenas de 5 anos e de **PRIMARIA xogaremos con dous**).

(No caso de non dispor dun dado faremos papeliños cos número do 1 ao 6 e meterémolos dentro dunha bolsiña e sacamos un en cada tirada)

A **ACTIVIDADE** para **INFANTIL** é a seguinte:

1. Faremos un círculo, cadrado, óvalo... este será a cabeza do noso monstro.
2. Tiramos o dado (ou collemos un dos papeliños que teñen escritos os números). O número que saia será a cantidade de cada unha das partes do corpo que debuxemos. Comezaremos polos ollos, boca, nariz, orellas, pelos, brazos, pernas, dedos... todas as partes que imaxinedes!
Por exemplo: se saco un 3, pois debuxo tres ollos; despois saco un 4 pois debuxo catro bocas, etc.
3. Cando vaimos debuxando o monstro podemos facelo xa coas pinturas ou con lapis e despois colorealo.

A **ACTIVIDADE** para **PRIMARIA** sería a mesma facendo un pequeno cambio.

Tiraremos os dous dados e con eles formamos un número,

por exemplo: 2 e 3= 23. A partir de aí podemos xogar coas decenas ou coas unidades.



Decenas



Unidades



As partes do corpo (1=ollo, 2=nariz, 3=boca, 4=orellas, 5=dentes e 6=pelos) serán as **unidades** e a cantidade as **decenas**. Neste caso como temos un 2 e un 3, debuxaremos dúas bocas.

VARIANTES DO XOGO:

- Podemos xogar dándolle a cada cor un número do 1 ao 6; por exemplo: 1=azul, 2=amarelo, 3=laranxa, 4=rosa, 5= vermello e 6=verde. E desta maneira podemos debuxarlle pelos na cabeza de diferentes cores.

Xa temos rematado o noso monstro divertido!

Pero aínda non acabou a actividade...

É o momento de inventar **unha historia** para o noso monstro:

Como se chama? Onde vive? Ten familia?

E así poderedes debuxar todos os monstros que queirades para completar a historia! (se ten irmáns, primos, avós,...)

E se tes algunha idea ou variante diferente podes debuxala e ensinarlla despois aos teus compañeiros e compañeiras.

A imaxinar!!

